

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES PL. ROSALÍA DE CASTRO

CURSO 2024-25

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A Programación Xeral Anual é un instrumento de planificación das actividades dun curso escolar. A súa función é a de garantir a actuación coordinada de tódalas estruturas organizativas e dos equipos de coordinación docente, proporcionar a participación e colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa e definir a distribución responsable das tarefas e actividades, para acadar os obxectivos do Centro.

A presente Programación Xeral Anual para o curso 2024/25 foi aprobada polo Claustro de Profesorado o día 10 de setembro e polo Consello Escolar o 24 de setembro de 2024.

ÍNDICE

1. CARACTERÍSTICAS MÁIS RELEVANTES DO CENTRO	3
2. RESULTADOS ACADÉMICOS	8
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	11
4. HORARIO XERAL DO INSTITUTO	22
5. CALENDARIO ESCOLAR	23
6. ORZAMENTO DO CENTRO	24
7. PLANS ANUAIS DE LECTURA	25
8. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	30
9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	31
10. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	33
11. AS NORMAS DO CENTRO E O PLAN DE CONVIVENCIA	37
12. A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS	39
13. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	40
14. PLAN PROXECTA	41
15. INTERNACIONALIZACIÓN	43

1. CARACTERÍSTICAS MÁIS RELEVANTES DO CENTRO

1.1. CONTEXTO SOCIO-CULTURAL E EVOLUCIÓN DO CENTRO

O IES Rosalía de Castro naceu en 1939 como Instituto de Bacharelato feminino. A súa sede é un edificio histórico: o Colexio de San Clemente de Pasantes, fundado precisamente polo arcebispo homónimo, Juan de San Clemente, no ano 1601. Converteuse en instituto mixto no ano 1985.

Está situado no casco vello da cidade, concretamente na rúa San Clemente, preto da Porta Faxeira e ó lado do paseo da Ferradura da Alameda. O edificio segue o modelo das construcións de comunidades relixiosas: pranta cadrada cun claustro no seu interior. Nese edificio están ubicados os servizos administrativos e os demais espazos adicados para a ensinanza do alumnado: aulas, laboratorios e biblioteca.

Desde o ano 1993 o instituto conta con dúas novas instalacións situadas na parte posterior do centro: Un polideportivo e un auditorio, ámbolos dous proxectados polo arquitecto alemán Paul Kleihues. O polideportivo é un edificio moderno, de forma rectangular, con ventanais nos lados máis longos orientados cara ó leste e oeste. O auditorio está soterrado entre a parte de atrás do instituto e un lateral do polideportivo, ó que se accede por unhas escaleiras interiores do centro ou por dúas escaleiras que saen ó patio exterior. A súa capacidade é de 370 persoas.

Arredor do pavillón hai un patio enorme de cemento. Xunto ó lateral norte sitúase un campo de deportes; no lateral sur, unha cancha de baloncesto; no leste, un aparcadoiro de coches para o profesorado, e no oeste, unha franxa de formigón e mais unha zona axardinada.



Colexio San Clemente de Pasantes

O Colexio San Clemente de Pasantes recibe este nome porque foi creado para ensinar Teoloxía a licenciados.

A fachada do edificio ten elementos decorativos innovadores do barroco galego de inicios do século XVII. Inspirada na de Fonseca, ten coma ela dúas ordes de columnas pareadas que se apoian en pedestais e separadas por unha cornixa, así como unha arquitrabe, na que os triglifos se substitúen por ménsulas tristriadas. O conxunto está rematado por un frontón triangular e obeliscos que se estenden regularmente ó longo da fachada.

O edificio ten hoxe continuidade co uso educativo dos seus inicios

O Colexio de San Clemente deixou de funcionar como Colexio Maior de estudantes universitarios a principios do século XIX. Desde entón tivo moitos outros usos: desde Seminario Conciliar, ata Escola de Veterinaria ou Facultade de Dereito, e despois sede da Sociedade Económica de Amigos del País, da Escola de Artes e Oficios, do Seminario de Estudos Galegos e, a partir de 1941, do Instituto Rosalía de Castro.

O instituto comezou a impartir Ensinanza de Nocturno, para mulleres, no ano 1956; e Bacharelato a Distancia (INBAD) no ano 1975, posteriormente convertido en Bacharelato Galego a Distancia (INGABAD) en 1982. O Bacharelato Internacional bota a andar no ano 1989. A ESO comeza a impartirse en 1997 e o novo Bacharelato de 2 anos en 2001. Neste mesmo ano incorpóranse as Ensinanzas de Adultos: ESA e Bacharelato. O Bacharelato de Adultos desaparece no ano 2022. Desde o curso 1997-98 o centro conta tamén con ensinanzas de Formación Profesional: 2 Ciclos Superiores da familia de Hostalaría e Turismo (Axencia de Viaxes, a partir de 2010 Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos; e Información e Comercialización Turísticas, desde o 2010 Guía, Información e Asistencia Turísticas) e 1 da familia de Actividades Físicas e Deportivas (Animación de Actividade Físico e Deportivas, e en 2018 Ensinanza de Animación Sociodeportiva). De 2002 ata o 2015 tivemos tamén outro Ciclo da familia de Hostalería e Turismo: Animación Turística. Desde o curso 2015-16 contamos co ciclo de Animación Sociocultural e Turística, da familia Servizos socioculturais e á comunidade. Desde o curso 2024-25 ofértanse no centro catro módulos deste ciclo na modalidade a distancia.

Desde o ano 2011 o centro forma parte da rede de Institutos Plurilingües, ademais de contar cunha Sección Bilingüe no Ciclo de Turismo desde 2014 ata o ano 2019, pasando despois a ser Plurilingüe (PluriFP).

Desde o curso 2011-12 somos centro Abalar e desde o curso 2021-22 estamos incluídos na rede de centros Edixgal.

No curso 2018-19 comezamos co Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía: o STEMBach.

No instituto cursan estudos 964 estudantes, distribuídos 428 na ESO, 329 en bacharelato ordinario e o resto nas ensinanzas de adultos e nos Ciclos Superiores. O alumnado da ESO procede maioritariamente do centro adscrito, o CEIP Pío XII. Tres dos catro grupos de 1º de ESO veñen directamente do devandito colexio e o cuarto grupo ten a súa orixe nos diferentes colexios públicos e privados da cidade. A metade do alumnado de bacharelato ordinario procede dos centros privados da contorna, sobre todo do CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Remedios e CPR Plurilingüe San José de Cluny. O centro conta con tres perfís de alumnado de acordo coas tres modalidades de ensino que oferta:

- a) Alumnado de ESO e Bacharelato ordinario, que provén de familias de nivel socio económico e cultural medio ou medio-alto, na súa grande maioría con estudos superiores, moi preocupadas pola formación educativa dos seus fillos e das súas fillas e que teñen unhas altas expectativas académicas para eles/elas.
- b) Os alumnos e alumnas de Adultos (ESA) son traballadores ou estudantes que retoman de novo os estudos e que buscan obter o título de Graduado en Educación Secundaria, que lles servirá para acceder á Formación Profesional e mellorar no mundo laboral.
- c) Os alumnos e alumnas dos Ciclos Formativos (das ramas de hostalaría e turismo, servizos socioculturais e actividades físicas e deportivas) son estudantes —nalgúns casos con estudos universitarios— que buscan unha boa formación técnica que lles dea acceso rápido ó mundo laboral.

No centro aténdese á diversidade do alumando, segundo as súas diferentes capacidades e diferentes ritmos de aprendizaxe a través de programas que buscan a integración, a compensación educativa, a mellora no dominio lingüístico ou a excelencia.

A importancia que o noso instituto concede á aprendizaxe de linguas estranxeiras vese reflectida nos diferentes proxectos e intercambios internacionais con Francia, Alemaña, Noruega e Reino Unido. Estas actividades promoven relacións académicas e sociais nas que o dominio dunha ou máis linguas resulta esencial.

Os estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO contan con ordenadores do Programa Edixgal. Ademais, o instituto dispón de dúas aulas de informática e tres carros con 20 portátiles cada un. Todo o alumnado ten conta para acceso á Aula Virtual de Moodle da Xunta e conta de correo @iesrosaliadecastro.org de Google contratado polo centro. Tódalas aulas dispoñen de panel interactivo e ordenador portátil co sistema operativo Abalar Libre.

Os pais e nais de alumnos e alumnas están organizados na ANPA do Rosalía, sen dúbida unha das mais numerosas e activas do ensino secundario galego. Sempre colaborou activamente co instituto e organiza actividades extraescolares e unha exitosa Feira das Profesións.

Cómpre dotar o centro dun elevador. Neste momento xa hai un proxecto de elevador definido e contamos que se dote de orzamento para a súa execución a finais deste curso.

1.2 ALUMNADO

No actual curso 2024-25 hai 964 estudantes, que cursan ensinanzas de ESO, Bacharelato, Bacharelato Internacional, Ciclos Superiores de Formación Profesional Específica das familias de Hostalaría e Turismo, Actividades físico e deportivas e Servizos socioculturais e á comunidade e Educación de Adultos na modalidade educación secundaria (ESA).

O alumnado está distribuído da seguinte forma:

N I V E L E D U C A T I V O	MODALIDADE		Curso	Nº de grupos	Nº de estudantes
	ESO		1º	4	104
			2º	4	107
			3º	4	103
			4º	4	114
	BACHARELATO	Humanidades e Ciencias Sociais	1º	2	48
			2º	2	45
		Ciencias e Tecnoloxía	1º	4	100
			2º	4	69
		Internacional	1º	2	38
2º			2	29	
CICLOS FORMATIVOS GRAO SUPERIOR	Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos	1º e 2º	2	45	
	Guía, Información e Asistencia Turísticas	1º e 2º	2	33	
	Animación Sociocultural e Turística	1º e 2º	2	47	
	Ensinanza e Animac. sociodeportiva	1º e 2ª	2	61	
	Animación Sociocultural e Turística (a distancia)	1º	1	17	

EDUCACIÓN DE ADULTOS	NIVEL EDUCATIVO	MODALIDADE	Nº de grupos	Nº de estudantes
	<i>Educación Secundaria de Adultos</i>		<i>Presencial</i>	1

1.3. PROFESORADO

O claustro de profesores/as está actualmente composto por 106 membros, dos que 2 teñen xornada reducida. Incorporáronse un total de 28 profesores/as novos/as. Contamos coa colaboración de 2 auxiliares de conversa en inglés na modalidade de centro plurilingüe e 1 auxiliar de alemán e outra de francés.

1.4. PERSOAL NON DOCENTE

Actualmente o centro dispón de 3 persoas no servizo de administración, 5 conserxes, tres de horario de mañá e 2 de tarde, e 5 limpadoras, unha de horario de mañá que cobre o polideportivo, e 4 de tarde. O servizo de cafetería faise por concurso público.

O persoal non docente constitúe un colectivo moi importante para o instituto, pois eles son os que proxectan a primeira imaxe do centro. A xestión administrativa, a limpeza e a información e atención ó público son aspectos necesarios na organización dun centro e fundamentais para facilitar a convivencia. Por iso cómpre apoiar o traballo dos que realizan estas tarefas e ter en conta a súa opinión, experiencia e coñecemento para que se impliquen na súa organización e funcionamento.

1.5. EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo está composto de cinco membros:

Directora :	Gemma Paredes Suárez
Vicedirector:	Javier Turnes García
Secretaria:	Marina Pardal Varela
Xefa de Estudos:	Blanca Río Rey
Xefe de Estudos Adultos:	Xesús Quintela Miramontes
Coordinadora FCT:	Esther Buide Pollán
Coordinadora Bach Intern.:	Arantxa Fuentes Ríos
Coordinador Plan Dixital:	Jorge Gómez Suárez
Coordinadora Edixgal:	Mª del Pilar Pérez Torres
Coordinador PFPP:	José Antonio Montoto Montoto
Coordinadora PFFP:	Martina Leis Picallo
Coord.Equipo Din. Lingüística:	Margarita Romero Lorenzo
Coordinadora Biblioteca:	Soedade López Campo
Coordinadora STEMBach:	Natalia Hermida Vázquez
Coordinadora Igualdade:	Larisa Rozados Lorenzo

2. RESULTADOS ACADÉMICOS

O curso pasado foi, en liñas xerais, un bo curso. Na convocatoria de xuño presentáronse 124 estudantes de 2º de bacharelato ordinario ás probas ABAU e aprobaron todos. 30 estudantes obtiveron o Diploma de Excelencia que outorgan as tres Universidades por ter 9 ou máis puntos na fase xeral das probas (Isto representa o 24,19% do alumnado). 16 estudantes obtiveron máis de 13 puntos (o curso pasado 12). Nota media da selectividade, parte xeral 7,22 (Expediente, 8,23).

Desglose por materias: Lingua castelá: 8,6; Lingua Galega: 7; Historia, 7,16; Inglés: 7,77; Matemáticas II: 7,38; Matemáticas CCSS: 7,79; Latín: 6,125.

Na ESO houbo bos resultados, soamente repiten curso dous alumnos de 2º ESO.

No bacharelato non superan o curso na avaliación extraordinaria 7 alumnos/as de 1º BACH e 5 alumnos/as de 2º BACH.

2.1. RESULTADOS POR ENSINO E NIVEL

PROMOCIÓN E TITULACIÓN

ESO

1º ESO	100%
2º ESO	98,05%
3º ESO	100%
4º ESO	100%

BACHARELATO

1º BACHARELATO	94,96%
2º BACHARELATO	96,39%
6 MATRÍCULAS DE HONRA 2º BACHARELATO Nota de corte 9,8	

ESA ADULTOS

TITULARON 80,00%

CICLOS FORMATIVOS

PROMOCIONARON

1º EASD	92,59%
1º ASOC	100%
1º AXVE	94,44%
1º GIAT	90,00%

TITULARON

2º EASD	96,66%
2º ASOC	94,11%
2º AXVE	81,81%
2º GIAT	100%

2.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO NIVEL DE INGLÉS

Temos que diferenciar entre a obtención do C1, que se encargou de realizala Trinity, e o B1 e B2, que foi realizada por Oxford.

DIPLOMA C1

	PRESENTADOS	OBTIVERON C1	OBTIVERON B2
2º BACHARELATO	43	24	19
CICLOS	4	3	1
TOTAL	47	27	20

DIPLOMA B1, B2

	PRESENTADOS	OBTIVERON B2	OBTIVERON B1
4º ESO	32	24	8
2º BACHARELATO	28	23	5
CICLOS	11	7	4
TOTAL	71	54	17

2.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO BACHARELATO INTERNACIONAL

Os 33 estudantes do Bacharelato Internacional tiveron bos resultados. Agás un estudante, todos obtiveron o Diploma e 4 estudantes teñen unha media de 40 ou máis puntos. A media das cualificacións está en 35 puntos (o curso pasado en 38,23 e o anterior 36,8); e a nota media do alumnado está en 5,5 puntos sobre 7. As cualificacións adiantadas en Química e Bioloxía foron boas.

2.4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS PROBAS EXTERNAS NOS IDIOMAS ESTRANXEIROS

INGLÉS: Dentro do horario lectivo ofertáronse clases de inglés para preparar os diplomas regrados: 94 estudantes inscritos. A final de curso presentáronse aos exames 21 estudantes: 13 acadaron o B1, 7 o B2 e 1 de C1.

FRANCÉS: Presentáronse 29 estudantes para obter o diploma DELF e aprobaron todos.

ALEMÁN: Presentáronse aos exames do instituto Goethe 4 ao B1, aprobaron, 1 ao B2 (aprobou) e 1 ao C1 (aprobou).

Con estes resultados sentímonos moi satisfeitos como centro plurilingüe: o noso alumnado mostra unha grande motivación para a aprendizaxe e adquisición de competencias en linguas estranxeiras.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Os obxectivos que se presentan nesta Programación Xeral son as guías que nos marcamos neste curso escolar. Comezamos polos 5 piares que desde hai anos se veñen desenvolvendo no centro e que constitúen a esencia da nosa maneira de dar resposta ás demandas educativas que nos esixe o alumnado e as súas familias.

3.1. OS PROXECTOS DO INSTITUTO

O Proxecto do instituto aséntase en 5 grandes piares, que sosteñen o edificio pedagóxico que dá sentido á nosa maneira de entender a educación, baseada no equilibrio entre Ciencias e Humanidades, con bo dominio das linguas estranxeiras, que fomenta a creación e a intelixencia artística e practica as habilidades deportivas. Todo iso para que os nosos estudantes acaden bos resultados académicos e saian do instituto cun amplo abano de capacidades e responsabilidades, que sexan respectuosos con eles mesmos e cos demais, íntegros e solidarios, de mentalidade aberta, que se expresen con confianza e creatividade en diferentes linguas; que teñan curiosidade por aprender e capacidade para interpretar e influír positivamente no mundo que lles rodea, que sexan organizados no que respecta aos hábitos de traballo e que dispoñan de técnicas de estudo que lles permitan ter durante toda a vida unha inclinación cara á aprendizaxe.

OS PROXECTOS DO INSTITUTO

PROXECTO CIENTÍFICO

Pretendemos que o noso alumnado cultive a curiosidade e desenvolva habilidades para a indagación e a investigación. Queremos sentar as bases dunha cultura científica entre o alumnado da ESO e o bacharelato, que lle permita acceder de xeito máis doado á investigación cando acceda á universidade.

PROXECTO LINGÜÍSTICO

Somos un centro plurilingüe e consideramos que é importante continuar impulsando o proxecto de mellora da aprendizaxe das linguas estranxeiras. O sistema educativo debe axudar a conseguir o obxectivo proposto polo Consello da Unión Europea de facer moito máis xeral falar dous idiomas ademais da lingua materna.

PROXECTO HUMANÍSTICO

Pretendemos que o alumnado se exprese con confianza e creatividade nas dúas linguas oficiais de Galicia. E que desenvolva unha apreciación crítica da súa propia cultura, así coma dos valores e tradicións dos demais. O instituto debe proporcionarlle ao alumnado as ferramentas necesarias para que saiba interpretar o mundo de forma crítica e coherente.

PROXECTO ARTÍSTICO

Coa intención de que o alumnado teña unha formación completa, potenciamos e alimentamos todas as formas de intelixencia, incluídas as relacionadas coa arte. Queremos que o alumnado desenvolva habilidades no ámbito das diferentes artes: musicais, plásticas, teatrais..

PROXECTO DEPORTIVO

O deporte favorece a saúde corporal e mental, porque reforza a autoestima e dá nos enerxía. Ademais permite que os rapaces novos se relacionen e aprendan leccións tan útiles como saber gañar e perder. O deporte é saúde, pero tamén aporta valores como a disciplina, o esforzo, a constancia e o traballo en equipo.

A. PROXECTO CIENTÍFICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Club de Ciencia: Proxecto Investiga, Inventa e Innova	ESO	Departamentos de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía	-Programa Club de Ciencia da Consellería. -Concurso de traballos con presentación pública.	Inicio en outubro e defensa dos traballos a final de curso.
III Feira tecnolóxica do Rosalía	1º e 2º da ESO	Departamento de Tecnoloxía (materia de Tecnoloxía e Dixitalización)	-Exposición e presentación nos corredores dos deseños innovadores .	Final de curso. Mes de xuño.
Ciencia nos recreos	ESO e Bacharelato	Departamento de Física e Química	-Só cunha mesa, colocada preto da porta do laboratorio de Física e Química, e uns cantos utensilios de laboratorio e algún que outro recurso coma ovos frescos, os magos da ciencia explican de forma experimental fenómenos curiosos.	-Recreos de novembro e decembro.
Bacharelato STEM	1º Bacharelato 2º Bacharelato	Coordinadora: a profesora de matemáticas Natalia Hermida	-Programa de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía da Consellería. -Charlas de investigadores da universidade. -Investigacións no laboratorio. -Uso das Tics. <u>2º Bacharelato:</u> -Elaboración das investigacións e a súa defensa pública.	Todo o curso.
Espazo Maker	ESO	Departamento de Tecnoloxía	-Deseñar e preparar proxectos nun contexto de aprender facendo. -Exposición dos proxectos.	Todo o curso.
Semana da Ciencia	1º e 2º de bacharelato.	Departamento de Física e Química.	Charlas de profesorado da universidade.	Mes de xaneiro.
Día da nena e da muller na ciencia	Alumnado de 1º de bacharelato	Departamentos de Física, Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía.	-Exposición de cartaces sobre mulleres investigadoras. -Charla con investigadoras que foron alumnas do centro.	11 de febreiro.
VII Premio Stephen Hawking de investigación	Alumnado de bacharelato do noso centro e dos institutos Pintor Colmeiro de Silleda, Xelmírez I de Santiago, A Pinguela de Monforte, o colexio Plurilingüe Divina Pastora e Ourense, con invitacións a todos os centros galegos que imparten o bacharelato STEM.	Coordina a Dra. Marisol Soengas González, Licenciada en Bioloxía Molecular. Xefa do Grupo de Melanoma do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas e presidenta da Asociación Española de Investigación sobre o Cancro	Colabora Ternera Gallega e FINSA e a universidade. Presentación e defensa dos traballos de investigación.	Presentación do Premio no mes de outubro de 2024 . O Premio realizarase no mes de abril.
Participación en Concursos: Galiciencia, Robótica, Xoves Investigadores,	ESO E BACHARLATO	Xefes de departamento de Tecnoloxía, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.	-Apoio do profesorado para preparar os concursos. -Desprazamentos: Galiciencia, Ourense; Robótica, UVIGO; Xoves investigadores, Málaga;	Todo o curso.
Canguro Matemático	ESO	Profesorado de matemáticas da ESO.	-Desprazamentos para realizar as probas.	Abril e Maio
Estalmat	ESO	Profesorado de matemáticas da ESO.	-O profesorado de matemáticas colabora co grupo de Estalmat da Facultade de Matemáticas.	Todo o curso

B. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Lingua estranxeira inglés

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Materias en inglés	ESO	Coordinador do Proxecto Lingüístico.	Materias en inglés: Xeografía e Historia en 1º ESO; Xeografía e Historia e Física e Química en 2º da ESO; Bioloxía en 3º; Matemáticas e Xeografía e Historia en 4º.	Todo o curso
Programa de inmersión lingüística en Bournemouth (Reino Unido)	ESO e 1º de Bach.	Coordinador do Proxecto Lingüístico.	15 días de inmersión en Bournemouth . O alumnado vive en familias e vai a unha academia estudar inglés. O programa acompáñase con actividades e excursións.	Setembro de 2024.
Intercambio con Hockerill (Reino Unido)	3º ESO.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	-Inmersión lingüística en familias e asistencia a clase no colexio de Hockerill.	8 días. Marzo 2025
Intercambio longo con Hockerill (Reino Unido)	3º ESO.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	-Inmersión lingüística en familias e asistencia a clase no colexio de Hockerill.	1 mes. 9 setembro ao 4 de outubro de 2024
Intercambio con Oslo	1º Bacharelato.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	-Inmersión lingüística en familias e asistencia a clase no centro E. Munch de Oslo.	3 semanas Do 2 ao 20 de setembro de 2024. Os noruegos veñen a finais de xaneiro 2025.
Preparación dos diplomas regrados	ESO e Bacharelato	Coordinador Proxecto Lingüístico. Encárgase da preparación a academia de inglés Picadilly.	Clases para a preparación dos diplomas dentro do horario lectivo: xoves e venres de 14.10 a 15.00 h.	Desde outubro ata maio.
Participación no programa do Parlamento Europeo da Mocidade (European Youth Parliament)	4º ESO e 1º Bacharelato	Vicedirector.	-Preparación dos temas de debate. -Participación nas sesións de debate (en inglés).	Mes de febreiro.

Lingua estranxeira francés

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Estancia curta en Vannes (Francia)	4º ESO e 1º de bacharelato	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familias e ademais de asistir á clase realizan excursións.	Unha semana. Os franceses virán en outubro e o noso alumnado irá en marzo de 2024.
Estancia longa en Vannes (Francia)	4º ESO	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familias e ademais de asistir á clase realizan excursións.	Mes e medio. 3 estudantes franceses de 4º de ESO viñeron en maio e marcharon a finais de xuño. As 3 alumnas nosas marcharon en agosto e volven o 15 de outubro.
Preparación dos diplomas regrados	ESO e Bacharelato	Xefa do departamento de Francés.	Prepara o profesorado de francés.	Todo o curso.

Lingua estranxeira alemán

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Estancia curta en Alemaña ou Austria	4º ESO e 1º Bacharelato.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familia e asistencia ás clases en alemán.	7 días.
Estancia longa en Gelnhausen (Hesse, Alemaña)	4º ESO	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familia e asistencia ás clases en alemán.	Mes e medio. Este curso non hai alumnado de estancia longa.
Preparación dos diplomas regrados	ESO e Bacharelato.	Xefa do departamento de alemán.	Prepara o profesorado de alemán.	Todo o curso.

C. PROXECTO HUMANÍSTICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
XXVIII Premio de narrativa San Clemente	-ESO e Bacharelato. -Hai un xurado constituído por alumnado de 2º de bacharelato do centro e de cinco máis de Galicia. Na modalidade de lingua castelá e lingua estranxeira participan estudantes do IES Ramiro de Maeztu de Madrid e os centros estranxeiros cos que mantemos programas de intercambio: Vannes (Francia), Hockerill (Reino Unido), Gelnhäusen (Hesse, Alemaña).	Comité do Premio San Clemente.	-Libros das obras seleccionadas. -Os escritores galardoados visitan o centro e manteñen un coloquio co alumnado, posteriormente cean no Hostal co xurado.	Xuño: entrega ao xurado das 3 obras finalistas en cada modalidade. 23 de outubro: Resolución do xurado de estudantes. Coñécense as obras gañadoras. Marzo: Entrega dos premios aos escritores gañadores.
VII Premio de ensaio Bento Spinoza	Concurso onde o alumnado participará con obras "performance".	O Comité do Premio Bento Spinoza selecciona a persoa relevante do mundo das Humanidades que coordinará o Premio.	Presentación e defensa dos traballos de investigación.	O Premio celebrarase entre febreiro e maio de 2026.
Clubes de lectura	Todo o alumnado	Equipo de coordinación da biblioteca. Departamento de lingua castelá. Departamento de Lingua galega. Coordinación Igualdade.	-Fondo de libros da biblioteca. -Coloquios.	Todo o curso.
Concurso Antón Fraguas	Todo o alumnado	Departamento de Lingua Galega	-Convocatoria do concurso. -Elaboración dos traballos creativos. -Entrega dos premios en acto público.	Resolución do xurado: Día do libro (23 de abril).
Concurso en lingua castelá	Todo o alumnado	Departamento de Lingua castelá.	-Convocatoria do concurso. -Elaboración dos traballos creativos. -Entrega dos premios en acto público.	Resolución do xurado: na Semana das Letras Galegas.

D. PROXECTO ARTÍSTICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Teatro	ESO e Bacharelato	Profesor de teatro.	-Escenario do Auditorio. -Material audiovisual. -Vestiarío.	Comeza en outubro e termina en abril, coa representación no Teatro Princial dentro do programa Intercentros que organiza o concello,
Coro do Rosalía	Alumnado e profesorado	Profesor do coro.	-Aula para ensaiar.	Todo o curso. Ensaio 1 hora á semana.
Orquestra	ESO e Bacharelato	Profesor Mario Diz.	-Escenario do Auditorio para ensaiar. 1 hora semanal.	Desde outubro ata maio. Tocan nos actos importantes do instituto: Premio San Clemente, Premio Stephen Hawking e Día da Música.
Exposicións de Plástica	ESO e Bacharelato	Departamento de Plástica e Visual.	Materiais para elaborar e montar as exposicións: -25 de novembro contra a violencia de xénero. -8 de marzo: Día Internacional da Muller. -Sobre as Letras Galegas.	Exposición Contra a violencia de xénero: o 25 de novembro, Exposición Día da Muller: 8 de marzo. Exposición Letras Galegas, para o 17 de maio.

D. PROXECTO DEPORTIVO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Club de baloncesto	Todo o alumnado.	Xerencia do Club deportivo.	Polideportivo e material para practicar o deporte.	Todo o ano.

3.2. NA BUSCA DA EXCELENCIA

ESO E BACHARELATO ORDINARIO

Pretendemos que o alumnado teña vocación por aprender e ambición por conseguir a excelencia.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Olimpiadas	ESO e Bacharelato.	Vicedirección e Xefes de Departamentos. Participa profesorado xubilado: Rafael Romero, de matemáticas, María Ascariz e Milvia Varela, de Bioloxía e Xeoloxía.	O profesorado que prepara o alumnado usa unha aula ou os laboratorios.. O profesor de matemáticas está co alumnado da Olimpiada tódolos recreos dos mércores.	Desde outubro ata a celebración das Olimpiadas.
Premios extraordinarios de ESO e Bacharelato	4º ESO e 2º Bacharelato.	Vicedirección e Xefes de Departamento.	Viaxes. O Vicedirector acompaña o alumnado á sede onde se celebran as probas.	4º ESO en setembro. Bacharelato en xuño.
Reforzo en 2º de bacharelato	2º Bacharelato	Xefa de Estudos	Ao alumnado de 2º de bacharelato ofrécéselle a oportunidade de reforzar a aprendizaxe das materias comúns e troncais, en horario de 14.10 a 15.00h, mércores, xoves e venres.	Desde outubro ata maio.

CICLOS FORMATIVOS

Pretendemos que o alumnado dos Ciclos Formativos se titule cunha excelente preparación para incorporarse ao mundo laboral.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
FPplurilingüe	Ciclo de Guías.	Esther Buide.	- Impártese en inglés o módulo Destinos turísticos (1º) -Impártese en francés o módulo Procesos de guía e atención turística (2º)	Todo o curso.
Programas europeos: ERASMUS	Todos os ciclos.	Coordinadores: Saleta Alberti e Jose Formigo	A Unión Europa aporta subvencións para o alumnado.	Prácticas en centros de traballo nos países da Unión Europea.
Elaborar programas sobre a cidade en colaboración co concello	Todos os ciclos.	Coordinadora: Saleta Alberti	Visitar a cidade e descubrir que pode aportar o alumnado desde o seu ciclo.	Todo o ano.

3.3. APRENDIZAXE POR SOLIDARIEDADE

Pretendemos que o alumnado mostre respecto, empatía e sensibilidade e a mellor forma de aprendelo e axudando aos demais.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Colaboración con ONGs	3º e 4º de ESO e Bacharelato.	Vicedirector.	O alumnado debe dispoñer de horas para colaborar. Ás veces adican o recreo para estas actividades.	Todo o curso.
Accións Solidarias	ESO e Bacharelato. Organiza alumnado de 1º BI, dentro da súa materia CAS (Creatividade, Actividade, Servizo).	Coordinadoira Bacharelato Internacional.	Orquestra e Coro do instituto. Colaboran o Conservatorio e a Escola Municipal de Música.	Ao longo do curso.

3.4. APRENDIZAXE POR SITUACIÓNS REAIS

CICLOS FORMATIVOS

Pretendemos que o alumnado aprenda facendo a partir de situacións reais.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Colaboración do noso instituto con visitas guiadas á cidade para o alumnado de intercambios. Colaboración con outros centros educativos para visitas guiadas pola cidade.	CS de GIAT.	Profesorado do módulo de Procesos de asistencia e guía de ruta.	O alumnado fai visitas guiadas en lingua española ou estranxeira ao alumnado en intercambio do noso centro educativo e alumnado doutros centros educativos.	Todo o curso.
O alumnado colabora coa Consellería de Educación, Universidade e FP na organización de eventos por parte desta Consellería. Colaboración con Organización Profesional de Congresos (OPC's).	CS de A.V. e X.E.	Profesorado do módulo de Xestión de produtos turísticos.	O alumnado encárgase de organizar e facer o apoio en sala durante a celebración dos eventos. Participación nos GaliciaSkills.	Todo o curso.

3.5. ACTUALIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN OFICIAL

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Actualización do Plan Lingüístico	Todos os membros do centro educativo.	Vicedirección, Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá.	Encargarase da actualización unha comisión coordinada polo Vicedirector e profesorado dos Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega. Presentarase para a súa aprobación a final de curso.	Todo o curso.
Actualización do Plan de Acción tutorial	Todos os membros do centro educativo.	Dep. Orientación. Titores/as.	Encargarase da actualización unha comisión formada polo Departamento de Orientación e tres titores, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Presentarase para a súa aprobación a final de curso.	Todo o curso.
Actualización do Plan de Atención á Diversidade	Todos os membros do centro educativo.	Xefatura de Estudos. Dep. Orientación. Coordinadora de Igualdade.	Encargarase da actualización o Dep. de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Persoa encargada da Coeducación e Igualdade seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos pedagóxicos. Presentarase para a súa aprobación a final de curso.	Todo o curso.

3.6. DESENVOLVER PROGRAMAS A PROL DA IGUALDADE

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
Plan de Igualdade	Profesorado e alumnado	Coordinadora de Igualdade.	Curso de formación en centros sobre Igualdade. Proposta de actividades en relación coa Igualdade e Coeducación.. Aula violeta.	Todo o curso.
CPInclúe na modalidade de IGUALA-T	Profesorado	Coordinadora de Igualdade	Organización de actividades a prol da igualdade, sobre todo obradoiros dirixidos ao alumnado dados por expertos alleos ao centro.	Todo o curso.
Estimular as vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado feminino	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinador bacharelato STEM. Coordinador Club de Ciencia.	O equipo directivo e os coordinadores do STEMbac e o Club de Ciencia colaborarán para potenciar o interese do alumnado feminino pola ciencia.	Todo o curso.
Promoción da imaxe das mulleres en distintos ámbitos para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Actividades.	Realización de exposicións sobre a muller na ciencia. Organizaremos actividades nas que exalumnas do centro veñan contar a súa experiencia profesional.	Todo o curso.
Desenvolvemento de accións de sensibilización para promover a igualdade de xénero na comunidade educativa e no ámbito familiar	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Orientación. Departamento de Plástica e Visual.	Deseñaremos un espazo físico nun dos corredores do centro dedicado á igualdade e á coeducación. Colaboraremos nas exposicións de Plástica do 25 de novembro contra a violencia de xénero.	Todo o curso.
Fomento de actitudes de respecto e tolerancia entre os adolescentes que favorezan a inclusión das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Orientación.	Desde o Plan de Acción titorial estableceranse medidas de actuación para que desde as titorías se fomenta a tolerancia respecto das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero	Todo o curso.

4. HORARIO XERAL DO INSTITUTO

A ampla oferta académica e de actividades esixe un amplo horario de apertura. Por iso o Instituto está aberto de 8:30 a 15:15h en horario de mañá e de 15:45 a 22:30h en horario de tarde, tanto para actividades lectivas como para actividades complementarias e extraescolares. O Polideportivo é unha excepción a esta norma, pois non pecha habitualmente antes das 23.30h e tamén está aberto os fins de semana (para a actividade do Club de Baloncesto), o mesmo que o Auditorio sempre que sexa necesario.

HORARIO DE MAÑÁ

3º E 4º ESO E BACH.			1º E 2º DA ESO		
CLASE	INICIO	FINAL	CLASE	INICIO	FINAL
1ª clase	8.45	9.35	1ª clase	8.45	9.35
2ª clase	9.35	10.25	2ª clase	9.35	10.25
3ª clase	10.25	11.15	3ª clase	10.25	11.15
recreo	11.15	11.40	4ª clase	11.15	12.05
4ª clase	11.40	12.30	recreo	12.05	12.30
5ª clase	12.30	13.20	5ª clase	12.30	13.20
6º clase	13.20	14.10	6º clase	13.20	14.10
7ª clase ¹	14.10	15.00	7ª clase	14.10	15.00

HORARIO DE TARDE

ADULTOS E CICLOS

CLASE	INICIO	FINAL
1ª clase	16.00	16.45
2ª clase	16.45	17.30
3ª clase	17.30	18.15
4ª clase	18.15	19.00
recreo	19.00	19.25
5ª clase	19.25	20.10
6º clase	20.10	20.55
7º clase	20.55	21.40
8ª clase	21.40	22.25 ²

¹Ás 15.00h rematan as clases os luns e os martes; os mércores, xoves e venres, ás 14.10h.

A sesións destes 3 días adicaranse ás clases de apoio e reforzo nas materias instrumentais.

²Ás 22.15h rematan as clases luns, martes, mércores e xoves; o venres, ás 20.15h.

Durante os recreos, o profesorado de garda vixía os corredores do edificio principal, o claustro e o patio exterior. O alumnado de bacharelato maior de 16 anos con autorización poderá saír do centro na hora do recreo.

A Secretaría está aberta ao público tódolos días pola mañá de 9.00h a 14.00h e de tarde de luns a xoves de 16.30h a 19.30h.

HORARIO DE VERÁN

Nos meses de xullo e agosto o Instituto está aberto de 9:00h a 14:00h

5. CALENDARIO ESCOLAR

VACACIÓNS DE NADAL	ENTROIDO	SEMANA SANTA
Do 21 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ámbolos dous incluídos.	Días 3, 4 e 5 de marzo de 2025.	Do 12 ao 21 de abril de 2025, ámbolos dous incluídos.

DÍAS NON LECTIVOS

- 12 de outubro: Hispanidade.
- 31 de outubro: Día do Ensino.
- 1 de novembro: Santos.
- 6 de decembro: Constitución.
- 8 de decembro: Inmaculada Concepción.
- 17 de maio: Día das Letras Galegas.
- 29 de maio: Día da Ascensión (Festa local).
- O centro elixe o 30 de maio como non lectivo.

CALENDARIO ESCOLAR 2024/2025 IES ROSALÍA DE CASTRO

Setembro 2024	Outubro 2024	Novembro 2024	Decembro 2024									
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31									
Xaneiro 2025	Febreiro 2025	Marzo 2025	Abril 2025									
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30									
Maio 2025	Xuño 2025	<table border="1"> <tr> <td>INICIO DE CURSO</td> <td>1º Avaliación (60 días)</td> </tr> <tr> <td>FIN DE CURSO</td> <td>2º Avaliación (55 días)</td> </tr> <tr> <td>NON LECTIVO</td> <td>3º Avaliación (61 días)</td> </tr> <tr> <td>31 OUTUBRO DÍA DO ENSINO</td> <td rowspan="2">Exames bacharelato</td> </tr> <tr> <td>29 MAIO ASCENSIÓN</td> </tr> </table>		INICIO DE CURSO	1º Avaliación (60 días)	FIN DE CURSO	2º Avaliación (55 días)	NON LECTIVO	3º Avaliación (61 días)	31 OUTUBRO DÍA DO ENSINO	Exames bacharelato	29 MAIO ASCENSIÓN
INICIO DE CURSO	1º Avaliación (60 días)											
FIN DE CURSO	2º Avaliación (55 días)											
NON LECTIVO	3º Avaliación (61 días)											
31 OUTUBRO DÍA DO ENSINO	Exames bacharelato											
29 MAIO ASCENSIÓN												
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30											


AVALIACIÓNS FIN DE CURSO

- A avaliación final ord. de 1º BACH realizarase a partir do 9 de xuño de 2025 e a extraord. de 1º e 2º BACH a partir do 20.
- Na ESO, a terceira avaliación parcial coincidirá coa final, que será a partir do día 20 de xuño de 2025.
- A avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos tamén será a partir do día 20 de xuño de 2025.

6. ORZAMENTO DO CENTRO

As previsións de gastos para o curso escolar 2024-25 sitúanse dentro dos orzamentos que se envían desde a Dirección Territorial de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Precisamente para non crear ningunha desviación nos gastos de funcionamento, axustamos de forma detallada os orzamentos asignados pola Dirección Territorial ás previsións de gastos que se veñen realizando ano tras ano. Evidentemente, ao longo do curso apróbanse proxectos que nos aportan ingresos adicionais aos gastos de funcionamentos. Por exemplo, do Concello de Santiago recibimos unha subvención de 6.208 € para o Bacharelato Internacional.

As previsións que temos de gastos para o curso repártense porcentualmente nos capítulos que se mostran no seguinte gráfico.



7. PLANS ANUAIS DE LECTURA

Existe un Proxecto lector que recolle tódalas iniciativas dos diferentes departamentos e que coordina o dinamizador da biblioteca a profesora Soedade López Campo. Este proxecto aspira a conseguir que o alumnado “queira ler”. O esforzo de todo o equipo, xunto coa colaboración de todo o profesorado, está destinado a fomentar o hábito de ler, a potenciar o **pracer lector coa finalidade de** contribuír a mellorar as capacidades lecto-escritoras e as competencias lingüísticas dos estudantes.

Estes son os obxectivos que se propón este proxecto para o curso 2024-25:

1. Desenvolver as **competencias** básicas para a **lectura**, materia transversal de todas as áreas do currículo e ferramenta imprescindible para a aprendizaxe de todas as materias. A tal efecto utilizaremos textos continuos (narración, argumentación, descrición...) e discontinuos (impresos, mapas, táboas...), practicaremos a lectura en códigos diversos (verbais, icónicos, sonoros...) e con textos literarios, técnicos e funcionais, de diferentes formas (silenciosa, individual, colectiva...).
2. Consolidar **hábitos** de lectura nos estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato
3. Potenciar a **comprensión lectora** desde todas as áreas do currículo.
4. Desenvolver nos adolescentes **habilidades** de lectura, expresión escrita e oral, na aprendizaxe de calquera materia
5. Promover no alumnado a capacidade de **expresarse** sobre diferentes temas con claridade e coherencia.
6. Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha **actitude reflexiva e crítica** ante as manifestacións do entorno
7. Lograr que os/as alumnos/as aprendan a analizar con **sentido crítico** a información que transmiten os diferentes medios de comunicación (televisión, radio e prensa, entre outros).
8. Trasladar ao **ámbito extraescolar** e familiar o interese pola lectura.
9. Potenciar as **ferramentas** lectoras (habilidades mecánicas, comprensivas e léxicas)
10. Relacionar a **lectura** coa **escritura** (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación, vocabulario) e a expresión oral.
11. Propiciar a **relación** íntima e persoal do alumnado co **libro**.
12. Descubrir a **sensibilidade literaria** do alumnado.
13. Potenciar o uso da **Biblioteca Escolar** como centro de recursos para a aprendizaxe de todos os membros da comunidade educativa.

14. Implicar ao profesorado para que dea **prioridade** ao desenvolvemento das habilidades lectoras en todas as áreas do currículo e participe de maneira activa no plan lector. Para iso cómpre un programa coordinado que recolla os acordos ao respecto consensuados.

Os **Departamentos didácticos** deseñarán e orientarán as tarefas a realizar nos distintos grupos e niveis.

15. Favorecer a comprensión lectora mediante **técnicas** de traballo persoal e colectivo e potenciar o uso dos dicionarios para solventar dúbidas sobre vocabulario descoñecido.

16. Fomentar o manexo e xestión dos **dispositivos electrónicos** de lectura.

17. Converter a comunidade educativa nunha **comunidade de lectores**.

E para cumprir eses obxectivos prevense as seguintes actuacións:

1. Tempo específico de lectura nas aulas. Programación de lecturas anuais. Creación de Bibliotecas de aula.

Propoñemos para o tempo específico semanal común de lectura nas aulas, optamos pola lectura libre, individual e silenciosa (sen descartar a práctica de lectura en voz alta, sobre todo nos primeiros cursos da ESO) de materiais aportados polo alumnado e profesorado, ben propios ou ben prestados pola Biblioteca Escolar que tamén aportará fondos a aquel alumnado que, por esquecemento ou apatía, non os traen das súas casas nin os solicitan previamente. Constituindo unha Biblioteca de aula coas obras máis demandadas de literatura xuvenil, novidades, biografías, divulgación científica e banda deseñada. Admítense as lecturas obrigatorias e/ou voluntarias establecidas polos distintos departamentos didácticos nos seus respectivos plans anuais de lectura.

2. Implicación real dos diversos departamentos didácticos e as súas contribucións ao proxecto lector.

Ás lecturas citadas no apartado anterior cómpre engadir as que ofertan os distintos departamentos, recollidas nos correspondentes proxectos didácticos e adaptadas aos distintos contidos, materias e niveis.

Estes mesmos departamentos colaboran no proxecto lector con actividades específicas deseñadas para interpretar mapas, planos, estatísticas, gráficos, impresos, recibos, táboas, manuais técnicos... e para capacitar na lectura de códigos diversos (verbais, icónicos, sonoros...) e no uso racional e didáctico das novas tecnoloxías.

3. Dinamización activa da Biblioteca Escolar do Centro.

4. Actividades extraordinarias de estimulación e fomento da lectura e o mundo dos libros.

PLAN LECTOR DO INSTITUTO

As lecturas ofertadas ou suxestións poden ser, entre outras, as que se recollen abaixo. Téndese a ofrecer, sobre todo nos niveis da ESO, narracións de carácter breve ou distribuídas en pequenos capítulos para que nos vinte minutos se acadase un sentido completo e non quedasen textos desconectados dunha semana para outra.

ITINERARIO LECTOR

1º ESO

“Antoloxía do conto popular galego” (ed. de Enrique Harguindey e Maruxa Barrio),
“La máquina maravillosa” (Elvira Menéndez),
“El fantasma del valle” (Alan C. McLean).

2º ESO

“El gato negro” e “El entierro prematuro” (Edgar Allan Poe),
“El caballo de ébano” (Las mil y una noches),
“Das cousas de Ramón Lamote” (Paco Martín),
“As aventuras de Breogán Folgueira” (Dario Xohán Cabana),
“Catapulta” (Alfonso Álvarez Cáccamo).

3º ESO

“Antoloxía do conto galego do século XX” (ed. de Luis Alonso Gargado),
“Movida na biblioteca” (Josep Gregori),
“Los enigmas de Leonardo” (Marisol Ortíz de Zárate)

4º ESO

“El clérigo malvado” e “En la cripta” (H.P. Lovecraft),
“La aventura de la casa vacía” (Arthur Conan Doyle),
“Perigo vexetal” (Ramón Caride Ogando),
“O Pausiñas” (Roque Cameselle),
“Fortunato de Trasmundi” (Darío Xohán Cabana),
“Xente no rodicio” (Xosé Neira Vilas),

“O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido” (Antón Alonso Ríos).

1º BAC

“Corredores de sombra” (Agustín Fernández Paz),

2º BAC

“Platero y yo” (Juan Ramón Jiménez),

“Retrato en sepia” (Isabel Allende),

“Mr. Vértigo” (Paul Auster),

CLUB DE LECTURA **ACRÓBATAS DAS LETRAS**

Desde hai máis de 10 anos existe no centro o Club de lectura **Acróbata das letras**, que funciona como faro dinamizador do Proxecto lector. Este Club, ademais de incentivar a lectura en galego, desenvolve unha ampla variedade de actividades:

1-**Blog para o club de lectura ACRÓBATAS DAS LETRAS**, no que se dará publicidade ás actividades dos distintos niveis, onde se publicarán, recensións, entrevistas, noticias, fotos, etc.

2- Participación nas *Xornadas de Bibliotecas Escolares*, ás que asistirán varios membros do **equipo da Biblioteca**.

3- Participación nas *Xornadas dos Clubs de Lectura*, que solicitaron varios **coordinadores** dos clubs.

4- **Contacto cos autores**, algúns deles relacionados cos premios outorgados polo noso centro, a través de *charlas, conferencias e clase maxistrals*.

5- **Video-forums** de películas ou curtas relacionadas coas lecturas programadas nos distintos grupos e niveis do club de lectura. Participación en **roteiros literarios** con lectura dos textos dos autores.

6 - Proxecto **Booktubers** no que os membros dos grupos do Club de Lectura promocionan a lectura a través de vídeos creados por eles e a posibilidade subilos ao blog da Biblioteca.

7 - **Lecturas dramatizadas** sobre os libros lidos nos grupos e a cargo do profesor de Teatro.

8 - **Viaxes culturais** relacionados co contexto literario dos libros empregados: viaxes a cidades onde acontece a acción dos libros ou sedes de xornadas literarias, do cómic ou feiras do libro de diversas cidades (*La ruta del Agua*, ruta de *El Quijote*, *La Barcelona de Ruíz Zafón*, Feira do Libro de Barcelona, Xornadas do Cómic de Valencia, etc... son algúns exemplos).

O Premio de narrativa San Clemente ten tamén a finalidade de enganchar aos estudantes coa literatura, ademais de convertelos en xurados nos que a lectura ten tamén unha responsabilidade á hora de decidir a concesión do premio.

O Equipo da Biblioteca Escolar está coordinado pola profesora Soedade López Campo. No curso 24_25 formarán parte do equipo os seguintes coordinadores dos clubs de lectura:

1º ESO: Tomás Rodríguez Puy – profesor de lingua castelá (Misterio e suspense)

2º ESO: Carmen Pérez Picallo – profesora de lingua galega

3º ESO: Juanjo Raíces Silva – profesor de plástica (Banda Deseñada)

4º ESO: Soedade López Campo – profesora de relixión (Aventuras)

1º BACH: Sira Vidal Laxe - profesora de lingua e literatura galega (Coeducación)

2º BACH: Lara Rozados – profesora de lingua e literatura galega (Coeducación)

Lectura fácil e audiolibros: Dpto. de orientación

Adultos: Marga Romero, profesora de lingua e literatura galega

BLOG DO CLUB DE LECTURA DO IES ROSALÍA DE CASTRO

<https://acrobatedasletras.wordpress.com/>

8. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Neste curso 2024/25 seguiremos traballando no proxecto deseñado en cursos anteriores sobre o uso das TIC no centro. O noso proxecto continúa facendo fincapé nas mesmas áreas de traballo.

- **Informática e novas tecnoloxías.** Desenvolvemento no campo da informática, fotografía dixital, vídeo, Internet, robótica, intelixencia artificial, etc., centrado sobre todo en dous departamentos: Tecnoloxía (nas materias de Tecnoloxía e Dixitalización e Educación dixital) e Plástica e Visual.
- **As novas tecnoloxías como recurso educativo.** Tamén se usan as novas tecnoloxías como ferramentas de aprendizaxe e adquisición de coñecemento, como sucede co alumnado da ESO que está dentro de Edixgal, e tamén con todos os outros estudantes da ESO, Bacharelato e Ciclos coa utilización da plataforma de Moodle da Aula Virtual.
- **Idiomas.** Práctica de diversos idiomas traballando con aplicacións e plataformas de redes sociais.
- **Habilidades sociais.** Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo necesaria para coordinar e levar a cabo actividades relacionadas coa construción e elaboración de vídeos, presentacións, etc.
- **Arte.** Traballar e estimular a creatividade á hora de construír vídeos, elaborar fotografías, deseñar proxectos de animación, etc. Na clase de Plástica desenvolven proxectos de animación.

8.1. Accións formativas para a mellora da competencia dixital

Continuamos co Plan Dixital, que terá neste curso a finalidade de inventariar todo o material TIC do centro.

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

COMPOSICIÓN DO EQUIPO

O equipo está constituído polos seguintes membros:

Coordinadora:

Marga Romero (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

Profesorado:

Natalia Vázquez García (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

Sira Vidal Laxe (Dep. de Lingua e Literatura Galega)

Larisa Rozados Lorenzo (Dep. de Lingua e Literatura Galega / Coord. de Igualdade)

Esther Taboada Iglesias (Dep. de Lingua e Literatura Galega)

María Rúa Junquera (Dep. de Lingua e Literatura Galega)

José Manuel Arca (Departamento de Intervención Sociocomunitaria)

Noelia González Rodríguez (Dep. de Lingua e Literatura Castelá)

Rose Marie Martha Rutherford (Dep. de Inglés)

Nuria Rodríguez López (Dep. de Inglés)

Raquel Baños Iglesias (Dep. de Bioloxía)

Eulalia María Simal Iglesias (Departamento de Xeografía e Historia)

José Formigo Couceiro (Departamento de Xeografía e Historia)

Davide Loimil González (Departamento de Xeografía e Historia)

Alumnado:

3º ESO

Marta Lama Fernández

Ada Carrillo Mosquera

Román Quintáns Rial

Antía Alves Fandiño

María Viana Vázquez

Lía Araujo Nores

Mateo Vieito Añón

Marcos Expósito

Julía Álvarez Barreiro

Ainara Bascoy Quintela

Diana Botana Barreiro
Antía Diniz Lago
Francisco Caamaño Mato
Marcos Garrido Fernández

4º ESO

Xaínza Barreiro
Antón Fagúndez

Persoal non docente:

Isabel Orjales Ramírez

ACTIVIDADES

- ✓ Participación con 2 grupos de teatro na Mostra Intercentros que organiza o Departamento de Educación do Concello Santiago.
- ✓ Concurso de dobraxe. A actividade consistirá na creación de vídeos, a partir de secuencias de películas, dobrándoas ao galego con diálogos de creación propia.
- ✓ Concurso de anuncios publicitarios.
- ✓ Colaboración cos Departamentos do centro en cantos proxectos se leven a cabo, asesorándoos en todo aquilo que fose preciso en relación coa nosa realidade lingüística e cultural.
- ✓ O Premio de narrativa San Clemente é en si un dinamizador e potenciador da lingua: dá a coñecer os escritores galegos e proxéctaos nun espazo común con escritores doutras linguas.

10. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un principio estratéxico que adoptou o Claustro e que se concreta nas seguintes medidas.

a) ELABORACIÓN DOS GRUPOS

A adscrición do alumnado nos distintos grupos do mesmo nivel rexerase polos seguintes criterios: distribución equitativa do alumnado repetidor e/ou con necesidades específicas, equilibrio de xénero, elección de optativas e promoción da convivencia.

b) DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS.

Desdobres de inglés en 1º, 2º e 3º da ESO. Continúase cos desdobramentos dunha hora semanal para prácticas de laboratorio e investigación científica.

c) PROGRAMA DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Seguirase co programa de reforzo en grupos flexibles e reducidos de apoio nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, en horario complementario de 14.10 a 15.00 os mércores, xoves e venres. Este programa ofértase ao alumnado de 1º e 2º de ESO que o precise, logo da avaliación inicial, e será impartido polo mesmo profesorado que imparte as devanditas materias. Tamén continuaremos co apoio de matemáticas de 4º ESO, os mércores de 14.10 a 15.00h.

d) RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Desde Xefatura noméanse dous profesores coordinadores dos distintos plans de recuperación das materias pendentes deseñados polos diferentes departamentos. Cada Departamento ten un plan de recuperación de materias pendentes e desde Xefatura de Estudos establécese un calendario de probas de avaliación.

e) PROGRAMAS DE ACTUACIÓN CON ALUMNADO DE ALTAS CAPACIDADES

A través dos distintos proxectos de investigación, preparación de olimpíadas, concursos literarios e outras actividades voluntarias por parte do alumnado. Así mesmo, deseñaranse intervencións individuais para aqueles alumnos/as que se considere oportuno, en colaboración cos especialistas do equipo específico e da

universidade. Algúns estudantes participan no programa universitario de estimulación matemática ESTALMAT.

f) REFORZO EN 2º DE BACHARELATO

O alumnado de 2º de bacharelato pode elixir ata tres materias nas que facer un afondamento de maneira voluntaria os mércores, xoves e venres de 14.10 a 15.00, co obxectivo de acadar mellores resultados académicos e de formación, tanto nas cualificacións do bacharelato como no sistema de acceso á universidade.

g) PROGRAMAS DE CONVIVENCIA, EDUCACIÓN EMOCIONAL E HABILIDADES SOCIAIS

Consiste en facilitar ó alumnado un repertorio de habilidades sociais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e para resolver ou prever dificultades nas súas relacións cos demais. Levaranse a cabo por parte dos titores e departamento de orientación, dentro do plan de acción tutorial e de convivencia, e que contan en ocasións coa colaboración de axentes externos como a Dirección Xeral da Xuventude, Concello de Santiago, Asociación Arelas, IGAXES e Policía Nacional...

Este curso, ao amparo da participación na modalidade EMOCIONA-T do CPInclúe, desenvolveranse diversas actividades relacionadas coa competencia e a regulación emocional.

h) PROGRAMAS INDIVIDUALIZADOS DE MELLORA DA AUTOESTIMA E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS

A desenvolver por parte do departamento de orientación con aqueles alumnos ou pequenos grupos de alumnos que se considere convinte.

i) ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE PARTICIPA EN INTERCAMBIOS LONGOS DE UN MES A UN TRIMESTRE

O instituto defínese como plurilingüe e desde hai anos promove, a través de diferentes iniciativas, que o seu alumnado acade un bo dominio das linguas estranxeiras. Unha das iniciativas máis importantes son as estadías no estranxeiro, organizadas en moitos casos polo propio centro. O Claustro de profesorado, consciente desa importancia, acordou unha serie de medidas para que esas estadías desde o inicio do curso, por períodos comprendidos entre un mes e un trimestre, non sexan unha penalización para os seus estudos cando se

reincorporen ao centro. Por un lado, mentres o alumnado estea fóra, o profesorado poñerá á súa disposición na aula virtual todos os materiais que lle axuden a seguir o desenvolvemento do curso e manterá unha comunicación fluída con el. Por outro lado, cando se incorpore de novo ao centro, o profesorado aplicará as medidas de atención á diversidade necesarias para axudarlle a reintegrarse gradualmente e de xeito eficaz na dinámica de aprendizaxe do curso sen que se vexa prexudicado pola súa inasistencia mentres estivo escolarizado noutro centro. Así mesmo, ese alumnado, escolarizado no estranxeiro por un período entre un mes e un trimestre, non terá que recuperar a materia dada ata a súa reincorporación nin será avaliado positiva nin negativamente da mesma.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Este curso escolar temos previstas a adopción das seguintes medidas extraordinarias:

A) Apoios por parte da profesora especialista en pedagogía terapéutica (PT). Os criterios que seguiremos para atender o alumnado serán os seguintes:

- Atención prioritaria ó alumnado con necesidades educativas especiais, necesidades específicas de aprendizaxe, TDAH, alumnado repetidor e outras condicións ou situacións de desigualdade sociocultural.
- As familias serán informadas e autorizarán esta medida, así como solicitarán e autorizarán a avaliación psicopedagóxica no caso de non existir ou resultar desfasada.

B) Exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO.

A posibilidade de quedar exentos de cursar a segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO aparece recollida para este curso escolar na RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.

Seguirase esta normativa para aquel alumnado que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, e nesas dúas sesións recibirán reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detectasen dificultades.

Previsión dun total de 8 alumnos/as en 1º de ESO obxecto desta medida, segundo a avaliación inicial do curso. En 2º da ESO hai un total de 9 alumnos/as que quedarán exentos da 2ª lingua estranxeira.

O alumnado exento asistirá nesas sesións a reforzo educativo co profesorado de PT ou con outro profesorado de áreas instrumentais.

C) Atención educativa a alumnado con dificultade de asistencia continuada ao centro

Para estes casos seguiremos o establecido no **Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria** para dar unha resposta educativa axeitada ao alumnado que non poida asistir con regularidade ao centro docente por un período prolongado, por prescrición médica, debido a enfermidade ou lesión.

11. AS NORMAS DO CENTRO E O PLAN DE CONVIVENCIA

Como indica o PEC, o Instituto debe ser un lugar de convivencia no que tódolos membros da comunidade educativa teñen dereito a ser tratados co debido respecto e así mesmo o deber de tratar ós demais co mesmo respecto. O Instituto é un lugar de traballo para alumnado e profesorado. Os estudantes teñen o dereito a recibir unha formación axeitada e o deber de participar con aplicación e esforzo nas actividades de formación que se desenvolven na súa aula. Podemos afirmar que no centro hai un bo ambiente de traballo e ese ambiente debémolo á colaboración de tódolos membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, persoal non docente e familias. Buscaremos e fomentaremos esa colaboración para que siga habendo un bo ambiente de traballo.

No Claustro de inicio de curso insistimos sempre en que a convivencia debe ser unha preocupación de toda a comunidade educativa e, co obxectivo de ter un bo ambiente de traballo, lembramos o compromiso de ser esixentes desde o primeiro día do curso no respecto das Normas de Convivencia do Centro, que son o marco que regula a convivencia e o funcionamento no instituto. As normas están colocadas en tódolos taboleiros das aulas e o profesorado debe coñecelas e transmitilas desde o primeiro día de clase, insistindo fundamentalmente no significado do centro como espazo de traballo e convivencia, na puntualidade, na limpeza e respecto do edificio e do material escolar e na utilización controlada das novas tecnoloxías. Neste senso, insistimos no Claustro, e apelamos directamente aos titores e titoras, para que fagan fincapé na transmisión ao alumnado de que a utilización de teléfonos móbiles e de aparatos multimedia está prohibida en todo o recinto escolar. O incumprimento desta norma suporá sempre a retirada do móbil e o seu depósito na Xefatura de Estudos, ata que un dos proxenitores ou titor legal veña a recollelo persoalmente, no caso dos menores de idade. O alumnado maior de idade poderá recollelo el mesmo ao final da xornada lectiva. Cando se recolla na Xefatura de Estudos, advertiráselles, tanto ao alumnado infractor coma ós proxenitores ou titores legais, de que a reincidencia suporá a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de UN día lectivo. Está terminantemente prohibido usar o teléfono móbil como cámara fotográfica ou gravadora de imaxes ou sons en todo o recinto escolar. A transgresión desta prohibición será considerada como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

Así mesmo, dado que nestes dous últimos cursos observamos cambios no comportamento do alumnado de 3º e 4º da ESO, solicitamos ao profesorado, sobre todo ás persoas titoras deses niveis e ao Departamento de Orientación, que desde o primeiro día apliquen mediadas e desenvolvan estratexias que axuden a atallar as alteracións no comportamento. Sumando esforzos estamos convencidos de que conseguiremos mellorar a dinámica do alumnado nesa idade tan complexa da adolescencia plena.

Pedimos a todo o profesorado a súa colaboración nos seguintes aspectos:

- a) Rigoriedade na puntualidade. Para un bo funcionamento da actividade lectiva, a puntualidade é fundamental. Controlaremos a puntualidade do alumnado na primeira hora da mañá ás 8.45h.
- b) Non deixar saír ao baño durante a clase.
- b) Ser moi estrictos no coidado e limpeza da aula.
- c) Na última clase deixar o ordenador e canón apagados e vixiar que todo quede en orde, luz apagada.
- d) Non se pode pegar nada nas paredes.
- e) En 1, 2º, 3º e 4º da ESO, con Edixgal, vixiar que non anden en páxinas de xogos.

O Consello Escolar, nas súas atribucións reguladas no artigo 44, do DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, aprobou por unanimidade que o alumnado de bacharelato maior de 16 anos, con autorización dos proxenitores ou titores legais, poida saír do recinto escolar no período do recreo. Tamén se aprobou a incorporación deste procedemento de autorización ás Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do Centro.

Toda a información sobre as Normas de Convivencia está recollida na páxina web:

<https://sites.google.com/iesrosaliadecastro.org/inicio2425>

12. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Os principais medios de comunicación do centro son dous, AbalarMóbil, para comunicarse de forma rápida e persoal coas familias, e a páxina web, como repositorio de información xeral. Temos ademais unha plataforma de comunicación na que se recolle toda a información para o alumnado e as súas familias:

<https://sites.google.com/iesrosaliadecastro.org/inicio2425>

Nesta plataforma inclúese a axenda de actividades semanais. Nesa axenda o profesorado, xunto co delegado/a de clase, anota os traballos e os exames do grupo.

Axenda 1º eso A

CALENDARIO ESCOLAR 2024/2025 IES ROSALÍA DE CASTRO

Setembro 2024							Outubro 2024							Novembro 2024							Decembro 2024						
L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D
						1	1	2	3	4	5	6	1	2	3										1		
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	23	24	25	26	27	28	29	
30																					30	31					

Xaneiro 2025							Febreiro 2025							Marzo 2025							Abril 2025								
L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D		
													1	2							1	2							1
			1	2	3	4	5	3	4	5	6	7	8	9	3	4	5	6	7	8	9	1	2	3	4	5	6		
6	7	8	9	10	11	12	10	11	12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	15	16	7	8	9	10	11	12	13		
13	14	15	16	17	18	19	17	18	19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	22	23	14	15	16	17	18	19	20		
20	21	22	23	24	25	26	24	25	26	27	28			24	25	26	27	28	29	30	21	22	23	24	25	26	27		
27	28	29	30	31										31							28	29	30						

Maio 2025							Xuño 2025						
L	M	ME	X	V	S	D	L	M	ME	X	V	S	D
			1	2	3	4							1
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29
							30						

INICIO DE CURSO	1º Avaliación (60 días)
FIN DE CURSO	2º Avaliación (55 días)
NON LECTIVO	3º Avaliación (61 días)
31 OUTUBRO DÍA DO ENSINO	Exames bacharelato
29 MAIO ASCENSIÓN	

13. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

LIÑAS, ITINERARIOS E TEMPORALIZACIÓN

LIÑAS DE TRABALLO

Competencia didáctica

Competencia en educación inclusiva e coeducación

Competencia comunicativa

ITINERARIOS

- Accións de internacionalización no IES Rosalía de Castro

(70 - Competencia comunicativa)

Coordinadora: Alberti Pulet, Saleta María

- Pílulas en lingua propia

(70 - Competencia comunicativa)

Coordinadora: Romero Lorenzo, Margarita

- Convivencia igual a coeducación

(69 - Competencia en educación inclusiva e coeducación)

Coordinadora: Rozados Lorenzo, Larisa

- Organización dos polos creativos no IES Rosalía de Castro

(67 - Competencia didáctica)

Coordinador: Gómez Suárez, Jorge

- Primeiros auxilios

(67 - Competencia didáctica)

Coordinador: Fernández Porto, Juan Jesús

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso.

Este Plan de Formación enfócase en potenciar a divulgación de todo o traballo que alumnado e profesorado fai no noso centro. Chegar a sociedade a través das Ciencias, as Letras, as Humanidades e as Artes a través do traballo en temas transversais como son a Coeducación, a Igualdade, a Internacionalización, a Investigación e a Lingua.

14. PLAN PROXECTA

Este curso imos participar en 2 proxectos. Os dous forman parte das actividades programadas para o ciclo de Animación Sociocultural e Turística: Proxecto Terra, coordinado pola profesora Luz Pérez, e Correspondentes xuvenís, coordinado pola profesora Saleta Alberti Pulet.

14.1 Proxecto Terra

Para acadar os obxectivos que se propoñen empregárase unha didáctica centrada no modelo de "proxecto" onde os alumnos contextualizarán todo o seu traballo nun concello ficticio da provincia de Lugo denominado "San Xusto de Paralelo", o cal será recreado na aula mediante a simulación dun concurso público para o deseño dun programa de desenvolvemento comunitario no rural.

- Explorar as posibilidades que ofrece o patrimonio material e inmaterial de Galicia para a intervención sociocultural e turística.
- Fomentar o interese polo territorio como fonte de identidade cultural.
- Recompilar a información necesaria para o deseño de itinerarios e circuítos polo patrimonio cultural-natural galego.
- Ampliar o coñecemento e a conciencia sobre a identidade cultural en relación cos espazos.

14.2. Correspondentes xuvenís

Establecemos unha serie de obxectivos en dous sentidos: para a Comunidade Educativa e para o alumnado que vai levar a cabo o proxecto.

PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Crear unha rede de información xuvenil no IES Rosalía de Castro.
- Crear unha rede de traballo cooperativa e colaborativa na comunidade educativa entre alumnado, profesorado, familias e/ou institucións da contorna.
- Favorecer a participación social da mocidade na comunidade e na sociedade.
- Contribuír a fomentar a autonomía persoal e a educación en valores para pensar e desenvolver o espírito crítico na xuventude.

-Facilitar o acceso aos mozos e mozas ás actividades, programas e carnés que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

PARA AS PERSOAS CORRESPONDENTES:

-Informar á comunidade educativa sobre actividades, servizos, recursos e programas vixentes en materia de xuventude.

-Difundir a información, considerada de interese para o alumnado do noso instituto, a través de diversas canles: Taboleiro Informativo, Páxina Web, Redes Sociais e outros recursos de difusión...

-Formar ao alumnado na xestión do manexo da información, potenciando as súas habilidades sociais, as competencias dixitais e a asunción de responsabilidades.

-Poñer en práctica os coñecementos adquiridos no módulo de Información Xuvenil do Ciclo Formativo de Grao Superior de Animación Sociocultural e Turística.

-Recadar información das actividades que se organizan por ou para a xuventude desde os propios institutos ou outras institucións para difundila ao resto da mocidade galega.

-Traballar en rede cos centros educativos, permitindo a recepción de información das actividades, iniciativas e propostas do alumnado, permitindo a súa canalización e potenciando, así, os servizos de información xuvenil entre a mocidade nos centros educativos.

-Crear pontes de colaboración coa Dirección Xeral e outros organismos que traballan en relación a temas de xuventude.

15. INTERNACIONALIZACIÓN

Desde as súas orixes, nos anos 40 do século pasado, o instituto sempre se caracterizou polo seu carácter innovador e o seu afán internacionalizador. A nosa preocupación polo dominio das linguas estranxeiras levounos a establecer colaboración e intercambio con centros de todo o mundo: Reino Unido, Francia, Noruega, Alemaña, Rusia, EEUU e Australia. Fomentamos a lectura e o espírito crítico do noso alumnado con 2 premios, o Premio de Narrativa San Clemente —este curso entregaremos a XXVIII edición— e o Premio Bento Spinoza de Ensaio —VII edicións—, que nos permitiron gozar da presenza de grandes escritores no noso centro: Vargas Llosa, Murakami, Paul Auster, José Saramago, Peter Sloterdijk ... E o famoso físico inglés Stephen Hawking, que estivo no noso instituto en 2008, cedeunos o seu nome para crear un premio de investigación científica para rapaces novos; xa celebramos IV edicións e nese tempo puidemos coñecer a científicos extraordinarios que coordinaron o premio: o investigador de Atapuerca Ignacio Martínez Mendizábal, o premio Nobel de Química Jean Pierre Sauvage, a experta en física de partículas Teresa Rodrigo, o investigador en medicina xenómica Ángel Carracedo, a paleoantropóloga María Martín, a Catedrática de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña Amparo Alonso e neste curso agardamos celebrar a VII edición, coordinada pola Dra. Marisol Soengas González, licenciada en Bioloxía Molecular, xefa do Grupo de Melanoma do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas e presidenta da Asociación Española de Investigación sobre o Cancro.

No proxecto educativo do instituto nunca faltou o E de Europa, que tamén coincide co E de Educación. Estamos convencidos de que a interculturalidade é unha das formas máis positivas de formación, e por iso traballamos en programas que implican a relación directa dos nosos alumnos e alumnas con outros mozos e mozas europeos da súa mesma idade. Desde os anos 90 participamos en dous proxectos europeos: o Centre de Culture Européenne, que ten como finalidade construír unha Europa humana e máis harmoniosa mediante unha pedagogía intercultural e pluridisciplinar, e o Programa Euroscola, un concurso que pretende que os mozos e mozas da Unión Europea se coñezan na sede do Parlamento Europeo en Estrasburgo para discutir sobre temas que lles afectan. En 5 ocasións, 1997, 1999, 2006, 2011 e 2016, estivemos participando no Programa Euroscola en Estrasburgo.

Ese enfoque internacionalizador tamén está presente na educación superior dos Ciclos Formativos a través dos programas Erasmus+ de mobilidade de estudantes e profesorado. O curso pasado 15 estudantes de Ciclos beneficiáronse deste programa.

Todos estes proxectos responden a ese enfoque internacionalizador que lle queremos dar á educación no instituto, pero o faro que mellor define ese enfoque é o Programa do Bacharelato Internacional, que desde o ano 1989 se vén impartindo no noso centro, no que se graduaron, desde entón, máis de 800 estudantes.

Fai dous cursos recibimos a Acreditación escolar do Programa Erasmus+ a partir do Plan de Desenvolvemento europeo para todo o centro, abrindo deste xeito as posibilidades Erasmus+ a todo o noso alumnado. Este Plan que vai do 2021-27 busca a internacionalización europea do centro a través dos eixos da inclusión, a sostibilidade, a transformación dixital e a promoción da cidadanía europea e a participación democrática activa.

Toda a información sobre o Programa Erasmus+ na web:

<https://iesrosalia.gal/erasmus-2/>